

## IV CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN PARA A ELABORACIÓN DE MOOC DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PREÁMBULO .....	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais .....	2
Artigo 1. Obxecto da convocatoria .....	2
CAPÍTULO II. Persoas destinatarias .....	3
Artigo 2. Composición dos equipos docentes .....	3
CAPÍTULO III. Características, estrutura e liñas temáticas dos cursos MOOC.....	3
Artigo 3. Características dos cursos .....	3
Artigo 4. Estrutura dos cursos.....	3
Artigo 5. Liñas temáticas.....	4
CAPÍTULO IV. Procedemento de presentación de solicitudes.....	5
Artigo 6. Prazo de presentación de solicitudes .....	5
Artigo 7. Lugar de presentación de solicitudes .....	5
Artigo 8. Forma de presentación das solicitudes .....	5
Artigo 9. Documentación a incluír coa solicitude.....	5
CAPÍTULO V. Revisión administrativa, valoración e resolución.....	6
Artigo 10. Resolución administrativa provisional de solicitudes .....	6
Artigo 11. Resolución administrativa definitiva de solicitudes .....	6
Artigo 12. Comisión Asesora de MOOC (CAM) .....	6
Artigo 13. Criterios de valoración .....	7
Artigo 14. Resolución provisional.....	8
Artigo 15. Resolución definitiva.....	8
CAPÍTULO VI. Recoñecemento e licenzas e dereitos de uso e autoría.....	9
Artigo 16. Recoñecemento.....	9
Artigo 17. Licenzas e dereitos de uso e autoría .....	9
CAPÍTULO VII. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.....	11
Artigo 18. Tratamento de datos persoais, deber de confidencialidade e exercicio de dereitos .....	11
Disposición adicional 1. Habilitación.....	12

Disposición adicional 2. Prevalencia .....	12
Disposición final. Entrada en vigor .....	12

## PREÁMBULO

Os cursos MOOC, de acordo coas súas siglas en inglés, massive online open courses, son cursos baseados nos principios de gratuidade, masividade e ubicuidade e posúen unha estrutura orientada á auto/coaprendizaxe do alumnado, con materiais didácticos e estratexias de avaliación característicos, así como un número ilimitado de participantes con acceso libre e gratuíto a eses materiais.

Desta maneira, os MOOC constitúen unha clara oportunidade para as institucións universitarias públicas de contribuíren ao coñecemento libre, aberto e accesible a toda a sociedade.

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (en diante, CUFIE) da Universidade da Coruña (en adiante, UDC) ofrece formación en modalidade MOOC desde o ano 2017. Nun primeiro momento, a través da plataforma MiríadaX, onde se desenvolveron 6 cursos en 13 edicións diferentes. E a partir do ano 2023, a través da súa propia plataforma de cursos MOOC, denominada UDC Aberta<sup>1</sup> e baseada en Moodle.

## CAPÍTULO I. Disposicións xerais

### Artigo 1. Obxecto da convocatoria

- 1) A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (en diante, VTI) promove esta convocatoria co propósito de impulsar proxectos de innovación para a elaboración de MOOC da UDC.
- 2) Os obxectivos prioritarios da presente convocatoria son os seguintes:
  - a) Fomentar o deseño, produción e publicación de contidos educativos sobre temas de interese para a comunidade universitaria da UDC e para a sociedade en xeral.
  - b) Proxectar internacionalmente a UDC e dar maior visibilidade á súa oferta académica.
  - c) Captar novo estudiantado, especialmente para aquelas titulacións de nova implantación dentro da oferta de títulos da UDC.
  - d) Transferir coñecemento á sociedade.

---

<sup>1</sup> <https://udcaberta.udc.gal/>

## **CAPÍTULO II. Persoas destinatarias**

### **Artigo 2. Composición dos equipos docentes**

- 1) Número de integrantes: mínimo 3 persoas e máximo 6, agás que se xustifique adecuadamente a necesidade de máis persoas no equipo.
- 2) Coordinación: un membro do PDI con vinculación permanente coa UDC. Tamén poderá exercer esta labor o persoal axudante doutor/a da UDC.
- 3) Membros do equipo docente:
  - a) Persoal docente e/ou investigador da UDC.
  - b) Profesorado emérito e honorario da UDC.
  - c) Estudantado de doutoramento da UDC, sempre que se xustifique debidamente a conexión entre a actividade de formación investigadora e a proposta de MOOC.
  - d) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (en diante, PTXAS) da UDC.
  - e) Persoal doutras universidades nacionais ou internacionais.
  - f) Persoal doutras institucións educativas non universitarias, nacionais ou internacionais.

## **CAPÍTULO III. Características, estrutura e liñas temáticas dos cursos MOOC**

### **Artigo 3. Características dos cursos**

- 1) Duración: mínimo 3 semanas.
- 2) Dedicación recomendada do alumnado: entre 10 e 25 horas.
- 3) Titorización: segundo a dispoñibilidade do equipo docente e da tipoloxía de curso, poderase optar por deseñar o curso como autoformativo (desatendido) ou como curso titorizado (con atención de foros e consultas por parte dun ou varios integrantes do equipo docente).
- 4) Idiomas: os cursos poderán desenvolverse en castelán, galego ou inglés.

### **Artigo 4. Estrutura dos cursos**

- 1) Os cursos estruturaránse en módulos. Por exemplo, un curso de 10 horas de dedicación poderíase estruturar en 3 módulos de 3 horas de dedicación cada un e un módulo final de 1 hora destinado a actividades de avaliación formativa e de avaliación final.
- 2) Todos os cursos deberán ter un módulo cero de introdución que conterá:
  - a) Vídeo de presentación do MOOC cunha duración máxima de 3-4 minutos.
  - b) Guía didáctica do curso.
  - c) Opcionalmente, un foro de participación do alumnado.

- 3) Cada módulo formativo contará, como mínimo, cos seguintes elementos:
  - a) Material audiovisual subtulado e narrado polo equipo docente.
  - b) Material teórico e/ou práctico de apoio: en cada módulo débese facilitar documentación actualizada que apoie os contidos audiovisuais, incluíndo enlaces externos, lecturas relacionadas etc. O material desenvolvido deberá cumprir cos criterios de accesibilidade.
  - c) Actividades de autoavaliación que permitan ao estudantado comprobar o progreso da súa aprendizaxe sen repercusión na nota final.
- 4) O último módulo estará destinado ao cuestionario de avaliación final e á enquisa de valoración do curso.

### Artigo 5. Liñas temáticas

- 1) As temáticas deberán ser orixinais, actuais e de interese para un amplo abano de persoas destinatarias. Procurarase impulsar a internacionalización e a proxección da excelencia docente e investigadora da UDC en aliñamento co plan estratéxico 2022-2026<sup>2</sup>.
- 2) Establécense dúas tipoloxías principais ás que poden acollerse as persoas participantes:
  - a) MOOC de temática libre
    - i) Tema libre sempre que sexa orixinal (non tratado en MOOC anteriores da UDC) e de interese xustificado para o colectivo ao que vai destinado.
    - ii) Idioma a elixir entre galego, castelán e inglés.
  - b) MOOC de temáticas estratéxicas da alianza Emerge<sup>3</sup>
    - i) Destinados a formar á comunidade universitaria das universidades da alianza Emerge.
    - ii) Liñas temáticas relacionadas co compromiso comunitario (Aprendizaxe-Servizo, aprendizaxe por retos e inclusión educativa), coa interculturalidade e co ensino-aprendizaxe de idiomas (*Collaborative Online International Learning* (COIL), language tasters, cursos de idiomas para estudantado ou persoal entrante, etc.)
    - iii) Poderán ser en inglés ou bilingües en inglés e castelán/galego.

---

<sup>2</sup> [https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/galeria\\_down/vepes/documentos/Plan-Estratexico-2022-26.pdf\\_2063069294.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/galeria_down/vepes/documentos/Plan-Estratexico-2022-26.pdf_2063069294.pdf)

<sup>3</sup> <https://euemerge.eu/>

## **CAPÍTULO IV. Procedemento de presentación de solicitudes**

### **Artigo 6. Prazo de presentación de solicitudes**

Poderán presentarse propostas desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na sede electrónica da UDC ata o día 15 de xuño de 2026.

### **Artigo 7. Lugar de presentación de solicitudes**

Exclusivamente a través do rexistro electrónico da sede electrónica da UDC<sup>4</sup>. No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”. Calquera documentación entregada por outras vías non será admitida excepto que fose previamente autorizada polo CUFIE.

### **Artigo 8. Forma de presentación das solicitudes**

- 1) A solicitude será presentada por unha persoa do equipo docente que pertenza á UDC
- 2) A persoa solicitante terá a obriga de:
  - a) Informar do establecido nesta convocatoria ao resto do persoal docente do proxecto.
  - b) Recompilar e custodiar os consentimentos para a obtención e o tratamento dos datos persoais das persoas integrantes do equipo docente. Esta documentación poderase solicitar en calquera momento unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes.

### **Artigo 9. Documentación a incluír coa solicitude**

- 1) Como modelo de solicitude deberá empregarse o anexo I, dispoñible para a súa descarga na páxina web do CUFIE<sup>5</sup>. De non respectar este modelo, a solicitude será excluída.
- 2) Dito anexo I será debidamente cuberto e asinado electronicamente. Deberanse especificar de forma correcta e completa os datos de identificación de todo o persoal que participa no proxecto debido a que esta información é a que se empregará nos documentos acreditativos de méritos.
- 3) Na solicitude incluírase unha ligazón a un único cartafol compartido no OneDrive ou no Sharepoint da UDC, con permisos de lectura e descarga, accesible a todo o persoal da UDC por un ano (ou o máximo que permita a plataforma) que inclúa a documentación xustificativa que non estea publicamente dispoñible na Internet. Unha vez publicada a listaxe definitiva de solicitudes avaliadas poderase desactivar esta ligazón.

---

<sup>4</sup> [https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register).

<sup>5</sup> <https://udc.es/cufie/TELEFORMACION/MOOCs/IV-Convocatoria-para-a-elaboracion-de-cursos-MOOC-da-UDC>

- 4) A presentación do anexo I implica que todas as persoas integrantes do equipo docente do proxecto aceptan o consentimento expreso do tratamento dos seus datos persoais segundo se establece nesta convocatoria.

## **CAPÍTULO V. Revisión administrativa, valoración e resolución**

### **Artigo 10. Resolución administrativa provisional de solicitudes**

- 1) O CUFIE revisará administrativamente todas as solicitudes recibidas para asegurar que se axustan aos requisitos establecidos na presente convocatoria.
- 2) Listaxe provisional. O CUFIE publicará, na sede electrónica da UDC, a listaxe provisional de solicitudes admitidas a valoración, e tamén as excluídas xunto coa causa correspondente.
- 3) Reclamación á listaxe provisional de solicitudes admitidas a valoración. Contra a listaxe provisional poderase presentar unha reclamación, ante a persoa que dirixa o CUFIE, no prazo de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional. A dita reclamación presentarase exclusivamente a través da mesma vía que a solicitude.

### **Artigo 11. Resolución administrativa definitiva de solicitudes**

O CUFIE revisará todas as reclamacións recibidas, de ser o caso, e publicará, na sede electrónica da UDC, a listaxe definitiva de solicitudes admitidas a valoración, e tamén as excluídas xunto coa causa correspondente.

### **Artigo 12. Comisión Asesora de MOOC (CAM)**

- 1) A valoración das propostas será levada a cabo pola Comisión asesora de MOOC (en diante, CAM), que contará cos seguintes membros:
  - a) Presidente/a: persoa encargada da dirección do CUFIE.
  - b) Secretario/a: unha persoa da Unidade de Teleformación do CUFIE.
  - c) Vogais:
    - i) A persoa que coordina a Unidade de Teleformación do CUFIE.
    - ii) Unha persoa da Unidade de Formación e Asesoramento do CUFIE.
    - iii) Cando menos unha persoa do colectivo do PDI da UDC que participase nalgún curso MOOC da UDC e que non presente ningunha proposta na convocatoria actual. Esta persoa será nomeada pola VTI a proposta da dirección do CUFIE.
- 2) A composición da comisión publicarase na sede electrónica da UDC. De concorrer algunha causa que impidise actuar a algunha das persoas nomeadas, a VTI poderá nomear unha persoa suplente.

### Artigo 13. Criterios de valoración

- 1) A Comisión asesora de MOOC, valorará os proxectos presentados segundo os criterios seguintes. Cada criterio valorarase cun mínimo de “0” e un máximo de “10” puntos e ponderarase segundo a porcentaxe especificada.
- 2) Criterio 1 (25%). Adecuación da proposta á modalidade MOOC definida na convocatoria: estrutura axeitada, materiais adaptados e metodoloxía apropiada.
- 3) Criterio 2 (25%). Aliñamento co plan estratéxico 2022-2026 da UDC, coa Estratexia de internacionalización da UDC ou coa alianza Emerge:
  - a) Docencia e aprendizaxe
    - i) DOC\_OE1: Impulsar a captación e a retención de talento.
    - ii) DOC\_OE2: Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe.
    - iii) DOC\_OE3: Construír unha oferta formativa innovadora que responda ás demandas e aos retos sociais da nosa contorna.
    - iv) DOC\_OE4: Potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para as persoas egresadas.
  - b) Internacionalización
    - i) INT\_OE1: Captar e reter talento procedente do estranxeiro e potenciar un ambiente universitario internacional.
    - ii) INT\_OE3: Incrementar as oportunidades para mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria.
    - iii) INT\_OE4: Potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC.
- 4) Criterio 3 (15%). Temática orixinal que non fora tratada en cursos MOOC xa impartidos.
- 5) Criterio 4 (15%). Experiencia do equipo docente en accións formativas similares: cursos en liña, MOOC etc.
- 6) Criterio 5 (10%). Experiencia docente ou profesional relacionada coas áreas temáticas propostas.
  - a) No caso do PDI, valorarase a pertenza a un grupo de innovación docente (en diante, GID) que traballe esas áreas temáticas.
  - b) No caso das liñas temáticas para a alianza Emerge, valorarase o dominio do idioma inglés.
- 7) Criterio 6 (10%). Experiencia e/ou formación na creación de recursos audiovisuais e materiais didácticos para o medio virtual.
- 8) O cadro seguinte resume os criterios e a súa ponderación.

	<b>Criterio</b>	<b>Ponderación</b>
1	Adecuación da proposta á modalidade MOOC.	25%
2	Aliñamento co plan estratéxico da UDC e coa estratexia de internacionalización da UDC ou ben coa alianza Emerge.	25%
3	Temática orixinal que non fora tratada en cursos MOOC xa impartidos	15%
4	Experiencia do equipo docente en accións formativas similares: cursos en liña, MOOC etc.	15%
5	Experiencia na área temática da proposta. Pertenza a un GID. Dominio de inglés (no caso da alianza Emerge)	10%
6	Experiencia e/ou formación na creación de recursos audiovisuais e materiais didácticos para o medio virtual.	10%

#### **Artigo 14. Resolución provisional**

- 1) Unha vez realizada a revisión administrativa das solicitudes presentadas, a CAM procederá á súa avaliación e valoración, nunha escala de 0 a 10 puntos, de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria.
- 2) Publicarase na sede electrónica da UDC a listaxe provisional de proxectos avaliados. Adxudicaranse os 10 proxectos que acaden maior puntuación, quedando os demais en lista de agarda por orde de puntuación. As propostas en lista de agarda serán susceptibles de ser desenvolvidas segundo a dispoñibilidade do equipo técnico do CUFIE ata que se publique unha nova convocatoria ou ata que a vicerreitoría o decida. Así mesmo, poderase recorrer á lista de agarda ante renuncias ou incumprimento das obrigas por parte dos proxectos inicialmente adxudicados.
- 3) Contra esta listaxe poderase presentar unha reclamación, ante a persoa que presida a CAM, no prazo de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional. A dita reclamación presentarase exclusivamente a través do rexistro electrónico da sede electrónica da UDC. No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”.

#### **Artigo 15. Resolución definitiva**

- 1) Unha vez finalizado o prazo de reclamación á listaxe provisional, a CAM revisará todas as reclamacións recibidas e publicarase a listaxe definitiva na Sede electrónica da UDC.
- 2) Contra esta listaxe definitiva cabe interpoñer un recurso de alzada ante a VTI no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación.

## **CAPÍTULO VI. Recoñecemento e licenzas e dereitos de uso e autoría**

### **Artigo 16. Recoñecemento**

- 1) Unha vez desenvolvidos os cursos, o CUFIE emitirá de oficio ao equipo docente un documento acreditativo da súa participación tanto na creación de contido en aberto coma, de ser o caso, na dinamización do curso.
- 2) O CUFIE xestionará a publicación dos materiais como recursos educativos abertos (en diante, REA) no repositorio institucional (en diante, RUC) da UDC.
- 3) A participación nun MOOC poderá ser valorada, no caso do persoal docente da UDC, na convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente (en diante, GID) e no programa Docentia.

### **Artigo 17. Licenzas e dereitos de uso e autoría**

- 1) A presentación dunha proposta á presente convocatoria implica a aceptación total das bases que se relacionan a continuación:
- 2) Respecto do contido desenvolvido polo equipo docente
  - a) Enténdese por “contido” todos os datos, informacións, creacións intelectuais ou materiais en calquera formato (texto, fotografía, son, vídeo etc.) que o equipo docente queira incorporar ao curso.
  - b) Dada a natureza aberta deste tipo de cursos, todo o material formativo resultante da presente convocatoria deberá publicarse baixo licenza Creative Commons.
  - c) Todo o contido deberá estar dispoñible de maneira gratuíta na plataforma UDC Aberta e nos repositorios institucionais da UDC.
  - d) O equipo docente autoriza a UDC á divulgación, reprodución e comunicación pública dos contidos que incorpore ao curso en liña, sen restricións nin límites temporais.
  - e) O equipo docente garante:
    - i) que é o lexítimo propietario dos contidos ou ben que ten dereito suficiente para a súa divulgación, reprodución ou publicación;
    - ii) que a publicación dos contidos non viola a normativa vixente aplicable, nin os dereitos de publicidade, propiedade intelectual ou industrial nin ningún outro dereito doutra persoa; e
    - iii) que ten consentimento previo e por escrito daquelas persoas cuxas imaxes e outros datos de carácter persoal se divulguen no curso.
  - f) O equipo docente responde fronte á UDC da autoría e orixinalidade dos contidos achegados e do exercicio pacífico dos dereitos de explotación que ceden, manifestando que sobre os mesmos non teñen contraídos nin contraerán compromisos ou gravames de ningún tipo que atenten contra os dereitos que lles correspondan á UDC e a terceiros.

- 3) Respecto do contido audiovisual gravado e producido pola UDC
  - a) O equipo docente ten a obriga de respectar o protocolo de gravación do contido audiovisual dos cursos en liña da UDC (redacción de guións, duración máxima dos vídeos etc.)
  - b) O equipo docente autoriza a UDC á gravación total e/ou parcial da súa imaxe e voz para a súa divulgación como contido do curso ou para a publicidade do mesmo.
  - c) O equipo docente autoriza a UDC á edición das gravacións realizadas, así como de todo o contido achegado para a súa divulgación no curso en liña, sen restricións nin límites temporais.
  - d) Os integrantes do equipo docente poderán facer uso dos contidos do curso con fins docentes dentro das titulacións oficiais ou dos títulos propios da UDC. Para un uso diferente do anterior, deberán solicitar permiso expreso á VTI.
- 4) Respecto do deseño instrucional dos cursos, o equipo docente comprométese a colaborar coa Unidade de Teleformación da UDC; ou as persoas en quen delegue, para incorporar á súa proposta de curso cantas adaptacións sexan necesarias co fin de que reúna os estándares de calidade e deseño esixidos pola UDC e de que satisfaga as esixencias técnicas da plataforma tecnolóxica de destino ou as derivadas da atención á diversidade das persoas usuarias.
- 5) Respecto dos prazos de execución, o equipo docente comprométese a cumprir cos prazos acordados tanto para a fase de deseño coma para a de impartición do curso na plataforma. De non cumprírense os prazos fixados para impartir o curso MOOC no marco temporal da convocatoria na que foi aprobado, o curso poderá anularse.
- 6) Compromisos da UDC. Pola súa banda, a UDC está obrigada a:
  - a) Facilitar, na medida das súas posibilidades, aos equipos docentes os medios necesarios para o desenvolvemento e produción dos contidos.
  - b) Revisar e propoñer aos equipos docentes todos os cambios necesarios no material formativo co fin de que se adapte aos estándares de calidade da formación en liña da UDC.
  - c) Dar apoio á introdución dos materiais na plataforma virtual e nos repositorios institucionais da UDC.
  - d) Xestionar a subida dos contidos audiovisuais á canle de vídeo da UDC.
  - e) Dar difusión aos cursos co fin de obter o maior número de matriculacións posibles.
  - f) Xestionar as incidencias técnicas relacionadas coa plataforma virtual.
  - g) Tramitar a acreditación documental do traballo dos equipos docentes unha vez que os contidos estean validados.

## **CAPÍTULO VII. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais**

### **Artigo 18. Tratamento de datos persoais, deber de confidencialidade e exercicio de dereitos**

- 1) De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que nos facilite mediante a concorrancia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade do CUFIE, cuxos datos de contacto son: Edificio Xoana Capdevielle, primeiro andar, campus de Elviña, 15071 A Coruña, teléfono +34 981167000, correo electrónico [administracion.cufie@udc.gal](mailto:administracion.cufie@udc.gal).
- 2) Mediante a concorrancia a esta convocatoria, a persoa solicitante e, de ser o caso, todas as persoas que aparezan na solicitude correspondente:
  - a) Autorizan ao CUFIE para a obtención e tratamento dos datos de contacto (nome, apelidos, enderezo de correo electrónico e número de documento de identidade (por exemplo, DNI ou pasaporte) e os méritos curriculares para efectos do establecido na presente convocatoria e a súa normativa reguladora.
  - b) Autorizan ao CUFIE para o tratamento dos datos recompilados para a acreditación e recoñecemento da participación, resolución da convocatoria e para a realización de enquisas e elaboración de estatísticas con datos desagregados, coa finalidade da realización de memorias de calidade e acreditación dos resultados da actividade. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da referida convocatoria.
  - c) Consentan expresamente a publicación dos seus datos nas resolucións correspondentes, nos taboleiros físicos, na Sede electrónica da UDC e nos sitios web do CUFIE e da OCV, na forma prevista pola disposición adicional sétima da LOPD.
- 3) Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coas citadas finalidades cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo quinto da LOPD.
- 4) Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coas citadas finalidades, excepto no que se refire ao recoñecemento da participación e resultados da actividade, que serán conservados indefinidamente.
- 5) As persoas interesadas terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, excepto que o tratamento dos datos se xustifique nalgunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo sexto do RXPD no que respecta ao tratamento de datos persoais. En calquera caso, as persoas interesadas terán dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a

limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Asemade, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís. Estes dereitos pódense exercer da maneira seguinte:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>) no apartado «Outros trámites».
  - b) Mediante unha solicitude remitida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC; Secretaría Xeral), presentada no enderezo postal: Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal); tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.
  - c) Mediante unha solicitude á delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal); tamén se poderá presentar unha solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.
- 6) Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

### **Disposición adicional 1. Habilitación**

Habilítase á dirección do CUFIE para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación da presente convocatoria, e para ditar as instrucións que resulten precisas para a súa efectividade.

### **Disposición adicional 2. Prevalencia**

As versións en castelán e inglés desta convocatoria son unha tradución do presente documento orixinal en galego. En caso de calquera discrepancia, prevalecerá sempre o texto orixinal en galego.

### **Disposición final. Entrada en vigor**

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

## IV Call for innovation projects for the development of MOOC at the University of Coruña

PREAMBLE .....	2
CHAPTER I. General regulations .....	2
Article 1. Purpose of the call .....	2
CHAPTER II. Recipients.....	2
Article 2. Composition of teaching teams .....	2
CHAPTER III. Characteristics, structure and thematic areas of MOOC courses .....	3
Article 3. Course features.....	3
Article 4. Course structure.....	3
Article 5. Thematic areas .....	4
CHAPTER IV. Application submission procedure.....	4
Article 6. Deadline for submitting applications.....	4
Article 7. Application submission location .....	4
Article 8. Method for submitting applications.....	4
Article 9. Documents to be included with the application .....	5
CHAPTER V. Administrative review, evaluation and resolution.....	5
Article 10. Provisional administrative resolution of applications .....	5
Article 11. Definitive administrative resolution of applications .....	5
Article 12. MOOC Advisory Committee (CAM).....	6
Article 13. Evaluation criteria.....	6
Article 14. Temporary resolution .....	7
Article 15. Final resolution.....	8
CHAPTER VI. Recognition and licenses and rights of use and authorship .....	8
Article 16. Recognition .....	8
Article 17. Licenses and rights of use and authorship.....	8
CHAPTER VII. Protection of personal data and guarantee of digital rights .....	10
Article 18. Processing of personal data, duty of confidentiality, and exercise of rights	10
Additional disposition 1. Authorization .....	11
Additional disposition 2. Prevalence .....	12
Final resolution. Effective date.....	12

## PREAMBLE

